EXERCICIO DA MATERIA FILOSOFÍA I

Comentario libre sobre un texto: *A realidade virtual.*

Texto: "A aparición da chamada realidade virtual e o resultado dun fenómeno tecnolóxico polo cal a vivencia do que é esencialmente un simple videoxogo faise cada vez máis e máis próxima aos mecanismos da percepción, de tal xeito que o concepto de medio dilúese até chegar ao ideal dunha estimulación cerebral directa, eliminando toda mediación entre ollo e imaxe, marcando así un patrón de percepción, e ensinando ao ollo a ver e ao oído a oír. A realidade virtual crea un novo *Umwelt* (entorno), unha realidade cociñada polo computador que pode chegar a provocar que acabemos esquecendo como dixerir a realidade crúa. En certa forma, esta tendencia xa se pode observar nas vivencias da conciencia pura dos espectadores das telenovelas e culebróns, para moitos dos cales as aventuras e desventuras de personaxes de cartón pedra xeran máis emocións que o que lle ocorre á xente de carne e oso na súa vida cotiá, e sufre máis a traxedia de opereta dos protagonistas que a miseria humana que podemos contemplar día a día cos nosos propios ollos.(…) A reflexión sobre as consecuencias futuras deste movemento de indistinción entre o real e o simulado, o físico e o electrónico ten a súa representación perfecta na película de ciencia ficción *Desafío total* (*Total Recall*), na que unha empresa de futuro está dedicada a gravar no cerebro, por un módico prezo, os recordos vivos dunha viaxe a lugares onde un non estivo xamais, de tal xeito que se incorpora á conciencia unha vivencia plena equivalente á estancia en ditos lugares." (J. BUSTAMANTE: *Sociedade informatizada, sociedade deshumanizada?*

Trátase de escribir un comentario sobre o texto proposto. Pero non un comentario cunha estrutura formal ríxida e rigorosa; senón máis ben unha reflexión aberta e libre sobre o texto: unha composición ou ensaio breve (unha ou dúas páxinas máximo) tomando como punto de partida o texto anterior. En calquera caso, e o mesmo que en todo comentario,

- primeiro hai que analizar o texto: a) o tema (*a realidade virtual*), e explicar de que se trata; b) a estrutura do texto e as súas ideas principais (precedentes, consecuencias, peligros…), c) posición do autor…,
- despois hai que reflexionar sobre o tema aportando, de ser posible, novas consideracións, datos ou argumentos que o enriquezan…
- finalmente, débese cerrar a exposición resumindo as ideas centrais, presentando as conclusións, se as houbera, e facendo novos interrogantes, se é o caso.

No presente tema sería unha boa axuda ver a película que aí se menciona, ou algunha outra que presente problemas similares (por exemplo, *Abre los ojos* de Amenábar). Tamén pode servir de axuda buscar na rede informacións sobre a realidade virtual.